



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CLÚSTER DO AUGA MINERAL E TERMAL DE GALICIA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE CREACIÓN DA MARCA DE IDENTIDADE SECTORIAL PARA O AUGA MINERAL E TERMAL DE GALICIA E O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "TERRAS DA AUGA".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar co Clúster do Auga Mineral e Termal de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19 de maio de 2016 ata o 30 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Asociación Clúster do Auga Mineral e Termal de Galicia (en diante O Clúster) para:

- 1º) Creación, desenvolvemento e implantación dunha marca distintiva das augas minerais de Galicia ao obxecto de diferenciar e poñer en valor este recurso.
- 2º) Desenvolvemento no sistema operativo Android e actualización nas contornas iOS e web da ferramenta "Terras da Auga", para a divulgación, xeorreferenciación e xeolocalización dos dereitos mineiros da sección B e os perímetros de protección dos acuíferos de augas minerais en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

As actuacións obxecto deste convenio son de interese xeral por canto o seu desenvolvemento supón a posta en valor dun recurso endóxico, como o auga mineral.

O feito de que o convenio sexa realizado co Clúster é a mellor canle para atender ás necesidades demandadas polo conxunto das empresas configuradas no seno das mesmas, xa que o Clúster aglutina ás dúas Asociacións representativas deste sector. Así, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, consta a aplicación orzamentaria orzamentaria 09.20.734A. 781.4, con código de proxecto 2016 084 “Convenio de colaboración co Clúster da Auga para a creación da marca “Auga Mineral de Galicia”, para o seu financiamento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de abril de 2016.

